



## PROGRAMACIÓN GRUPO A abril – xuño 2017

**26 abril:** entregamos...

Commemoración do Día do Libro

### Deus sentado nun sillón azul, de Carlos Casares



Unha muller contempla desde a ventá a triste existencia, nun piso ao outro lado da rúa, de quen noutro tempo fora un afouto escritor e profesor. A partir da súa mirada, Carlos Casares recrea en *Deus sentado nun sillón azul* todas as tensións e os medos dunha época, a da posguerra española e a Segunda Guerra Mundial, nunha pequena cidade galega.

**Comentario: 10 maio**

**10 maio:** entregamos...

Commemoración do Día das Letras Galegas

### Mentiras de mujeres, de Liudmila Ulítskaya



Ao estilo dunha novela por entregas, Ulítskaya proponnos sutís variacións sobre a mentira feminina. Pois, segundo a nosa autora, as mentiras das mulleres distinguiríanse das mentiras dos homes, e estarían case sempre desprovistas de finalidade. Unha obra de talento, aguda observación e orixinal escritura onde se amosa unha gran tenrura cara aos seus personaxes e o ser humano e as súas debilidades.

**Comentario: 24 maio**

**24 maio:** entregamos...

### Dar la vida y el alma, de Marina Mayoral



Na noite de vodas, Amelia é abandonada polo seu home nun hotel de París, cun camión por todo equipaxe. Ninguén entende por que ela non quere anular o matrimonio... Moitos anos despois, unha novelista obsesionase coa historia de Amelia e decide escribila, convencida de que naqueles feitos do pasado está a clave que lle permitirá entender a súa propia traxectoria sentimental.

**Comentario: 7 de xuño**  
**REMATE DE TEMPADA**